



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

*Exposición da matrícula fiscal da taxa polo servizo de recollida, xestión e tratamento de residuos - modalidade domiciliaria (uso doméstico).
Exercicio 2026*

EDICTO

Por Delegación da Xunta de Goberno Local (acordo delegación do 04.07.2024 publicado no BOP núm. 129 do 05.07.2024), o concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, mediante resolución de data 04.03.2026, aprobou a MATRÍCULA FISCAL DA TAXA POR SERVIZO DE RECOLLIDA, XESTIÓN, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS – MODALIDADE DOMICILIARIA (USO DOMÉSTICO), correspondente ao EXERCICIO 2026.

De conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 61 da Ordenanza de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público municipais do Concello da Coruña, a matrícula aprobada queda exposta ao público durante o PRAZO DUN MES, contado a partir da publicación, podendo consultala no Departamento de Facenda do Servizo de Xestión Tributaria, localizado no primeiro andar do edificio dos Servizos Económicos do Concello, na rúa da Franxa, núm. 20.

Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinala e formular alegacións, así como presentar, no PRAZO DUN MES seguinte á finalización do período de exposición pública, os seguintes recursos:

- a) Con carácter previo e potestativo, o recurso de reposición previsto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- b) Reclamación económico-administrativa, que terá carácter preceptivo previo ao recurso contencioso administrativo, prevista no artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
- c) Ambos recursos non poderán ser simultáneos; de producirse esta situación tramitarase o presentado en primeiro lugar e declarárase inadmisíbel o segundo (artigo 222 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).
- d) Calquera outro recurso que se estime procedente.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A Coruña, 5 de marzo de 2026

José Manuel Lage Tuñas

O concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

2026/1345